

Bases

Residencias Artísticas Centro de Arte FMJJ / UDC



Centro
de Arte
FMJJ



Bases

O Centro de Arte Fundación María José Jove reforza con este programa os seus obxectivos fundacionais vinculados á formación e promoción da arte, potenciando o seu labor social e de apoio á creación artística, así como o establecemento de re- des creativas e colaborativas máis amplas. Co Programa de Residencias Artísticas, o Centro de Arte Fundación María José Jove e a Universidade da Coruña inciden na creación dun marco conceptual diferencial que contribúa á interpretación de problemáticas contemporáneas e ofrezca novas posibilidades de lectura e comprensión do contexto máis próximo.

Programa de Residencias Artísticas

A Universidade da Coruña e o Centro de arte Fundación María José Jove poñen en marcha a V Convocatoria do Programa de Residencias Artísticas en colaboración co Espazo de Intervención Cultural Normal. O seu obxectivo principal é profundar nas relacións entre a creación artística, o pensamento crítico e a participación social. Convócanse dúas residencias para as que se proporcionará aos/as artistas acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos.

Obxectivos da convocatoria

- Promover a investigación, creación e produción artística.
- Contribuír a fortalecer o contexto cultural galego, fomentando proxectos creativos de interese social vinculados á comunidade.
- Construír contornas favorables para o desenvolvemento do pensamento crítico e a arte, asociados a aspectos como a identidade patrimonial, a ecoloxía ou o medio ambiente.
- Contribuír á interpretación de problemáticas contemporáneas nas súas dimensións sociais, culturais e territoriais.
- Facilitar un achegamento horizontal a novos modos de inserción e lectura da contorna, con énfase na paisaxe natural e rural contemporáneo.
- Fomentar valores de protección e difusión do patrimonio natural e cultural de Galicia a través da arte contemporánea. Promover a investigación, creación e produción artística.

Persoas beneficiarias

Poderán concorrer á presente convocatoria creadores/as de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica vinculados/as ás artes visuais. As solicitudes serán individuais; non se admitirán solicitudes de grupos ou colectivos.

Recursos

Normal e o Centro de Arte Fundación María José Jove ofrecerán os seguintes recursos ás persoas residentes seleccionadas mediante esta convocatoria:

1. Espazo de traballo: Os/as residentes contarán cun espazo de traballo individual en Normal. Ademais, poderán acceder ás súas instalacións segundo as necesidades do proxecto.
2. Aloxamento na residencia universitaria Elvira Bao (A Coruña), suxeito a dispoñibilidade. Consúltese: www.udc.es/es/sape/aloxamento/
3. Acompañamento curatorial durante o desenvolvemento do proxecto.
4. Presentación de proxecto e difusión.

Dotación económica

Establécese unha dotación económica de ata 6.000 euros, desagregados en:

- 3.000 euros en concepto de honorarios (cantidade suxeita á retención fiscal vixente).
- Ata 3.000 euros en concepto de gastos de produción e viaxe (coa correspondente xustificación de gastos).

Ademais, cubrirase a estadía dos/as artistas seleccionados/as.

Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será do 17 de marzo ao 14 de xuño de 2025. A inscrición realizarase a través do correo electrónico:

normal.comunicacion@udc.gal

Duración y plazo de ejecución

As residencias terán unha duración mínima dun mes, que poderá prorrogarse ata un máximo de tres meses se así o solicítasen as persoas residentes e tras unha avaliación favorable por parte da organización. As residencias deberán realizarse dentro do terceiro cuadrimestre de 2025.

Documentación a presentar

- Formulario de inscrición debidamente cuberto.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte (.jpg, .pdf).
- Síntese do proxecto (máximo 3.500 caracteres, espazos incluídos), especificando obxectivos, liñas de investigación, metodoloxía e plan de actuación.
 - Currículum vitae (máximo 2.500 caracteres, espazos incluídos).
 - Carta de motivación en que se xustifique o interese no proxecto (máximo 2.500 caracteres, espazos incluídos).

Comité de selección

As propostas serán avaliadas por unha Comisión de Avaliación que comunicará a súa composición no momento de presentación da convocatoria.

Valoraranse os proxectos segundo:

- Orixinalidade e innovación.
- Coherencia cos obxectivos da convocatoria.
- Capacidade para xerar redes de colaboración multidisciplinaria.
- Viabilidade material e técnica do proxecto.

A Comisión de Avaliación poderá declarar deserta a convocatoria se considera que ningunha proposta reúne os méritos esixidos.

Comité de selección

Ángel Calvo Ulloa

Comisario e escritor. Licenciado en Historia da Arte pola USC e Máster en Arte Contemporánea: Creación e investigación pola UVigo. Foi co-comisario, xunto con Marta Mestre, de O Fantasma da Liberdade / Anozero Bienal de Coímbra 2024.

Entre os seus últimos proxectos curatoriais cabe destacar Humores y Espesores, de Rodríguez-Méndez, no CA2M (Móstoles); El sueño de la cólcedra, de Teresa Lanceta, no Museo Patio Herreriano (Valladolid); Siron Franco: Pensamento insubordinado (Trabalhos, 1961-2023), no MAC Goiás (Brasil); Anidar en el gesto: unas estanterías de Alberto, na Fundación Cerezales Antonio e Cinia (Cerezales del Condado, León); Autoconstrucción. Piezas sueltas. Juego y experiencia, de Antonio Ballester Moreno, en Artium (Vitoria-Gasteiz); Complexo Colosso, CIAJG (Guimarães) o Habitación. El Archivo F.X., las chekas psicotécnicas de Laurencic y la función del arte, de Pedro G. Romero, en CA2M (Madrid), MNAC (Barcelona) e La Nau (Valencia). Dende 2011 comisariou tamén en institucións como La Casa Encendida (Madrid), Caixaforum (Barcelona), MARCO (Vigo), CCEMx (Cidade de México), Fundación Luís Seoane (A Coruña), Tabacalera (Madrid), Centro Párraga (Murcia) ou EACC (Caste-llón), entre outras.

En 2020, en coautoría con Juan Canela, publicou o libro Desde lo curatorial. Conversaciones, experiencias y afectos, dentro da Colección Paper, de Consonni. Actualmente prepara proxectos para institucións como o MNCARS, La Casa Encendida ou a Sala Alcalá 31.

Susana González Martínez

Comisaria, xestora cultural e investigadora. Licenciada en Belas Artes pola Universidade do País Vasco e diplomada en Estudos Avanzados pola Universidade de Santiago de Compostela.

Fundadora de Consultarte, unha consultora especializada en xestión cultural, dedicada ao desenvolvemento de servizos para institucións públicas e privadas. Foi co-directora do programa Charco (2017-2022), centrado na investigación e o intercambio creativo entre Latinoamérica e Europa, a través da creación de residencias artísticas e mediante a construción de redes internacionais de colaboración.

Dende 2019, dirixe a Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ) e actualmente ocupa o cargo de directora do Centro de Arte FMJJ.

Comisariou exposicións en institucións como o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), o Museo de Arte Contemporánea de Castilla e León (MUSAC), a Fundación Cerezales Antonino e Cinia, León, o Museo de Arte de Zapopan (MAZ) en Guadalajara, México, ou o Espazo de Intervención Cultural NORMAL na Coruña. Traballou con artistas como Irma Álvarez-Lavialda, Belén Rodríguez, Sonia Navarro, Patricia Esquivias, Luciana Lamothe, Sofía Táboas, Sergio Prego, Regina de Miguel, Adriana Bustos, Pedro Cabrita Reis, Irene Kopelman ou Rubén Santiago, entre outros. Ademais do seu traballo no ámbito curatorial, dirixiu varias publicacións vinculadas á arte contemporánea.

A súa práctica caracterízase pola integración de perspectivas situadas, favorecendo a conexión dos proxectos cos contextos específicos en que se desenvolven, e promovendo un enfoque crítico cara á arte contemporánea.

Marta Mestre

Curadora e investigadora de arte contemporánea leva traballado en institucións culturais, principalmente en Portugal e Brasil. É licenciada en Historia da Arte e en Cultura e Comunicación pola Universidade Nova de Lisboa (Portugal) e a Université d'Avignon (Francia). Actualmente é curadora no Museo de Arte Contemporánea/ Centro Cultural de Belém de Lisboa.

Foi directora artística do Centro Internacional de Artes José de Guimarães/CIAJG, en Guimarães (2020-24), curadora no Instituto Inhotim (2016-17), curadora adxunta no Museo de Arte Moderna de Río de Janeiro (2010-16) e curadora invitada na Escola de Arte Parque Lage (2015), en Río de Janeiro, Brasil. Foi co-curadora, xunto con Ángel C. Ulloa, de «O Fantasma da Liberdade» / Anozero Bienal de Coímbra 2024. Escribe regularmente sobre o traballo de artistas para institucións e publicacións especializadas. É membro do CIMAM/ Comité Internacional de Museos e Colecciones de Arte Moderna. Foi membro externo do Consello Xeral da Universidade de Minho (2021-22). Como profesora convidada, colabora con varias universidades e é convidada regularmente a formar parte de comités de xurados de programas nacionais e internacionais de artes visuais e coleccións.

Yolanda Pérez Sánchez

Profesora contratada doutora na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Doutora en Historia da Arte e Máster en Renovación e Rehabilitación Urbana pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou un posgraduado de especialización en Historia e Estética da Cinematografía (Universidade de Valladolid) e Máster en Filosofía pola UNED.

Formou parte de diversos proxectos de investigación na Universidade de Santiago de Compostela. Entre os máis recentes, destacan os proxectos de I+D+i do Ministerio de Ciencia e Innovación: "Paisajes y Arquitecturas del error. Contra-historia del paisaje en la Europa latina (1945-2020)", "Arquitecturas soñadas. Proyectos fallidos y pensamiento utópico en la historia de la arquitectura en Galicia" ou "Performatividade do monumento. Percepción social e intervencións sobre a arte pública en España e Portugal desde 1950".

Entre outras actividades en relación coa arte contemporánea, comisariou a exposición Inexterioridades do artista portugués Fernando José Pereira (Auditorio de Galicia) e codirixiu as I Xornadas sobre Espazos de Creación Contemporánea, así como a edición do libro Espazos de Creación Contemporánea (Santiago de Compostela, 2004). Ademais, levou a cabo a tradución e revisión de varios textos do libro Estudos Visuais. A epistemoloxía da visualidade na era da globalización (Akal, 2005) e da revista Estudos Visuais. Ensaio, teoría e crítica da cultura visual e da arte contemporánea (CENDEAC, 2006), publicacións dirixidas por José Luis Brea, fundamentais na introdución dos Estudos Visuais en España.

Realizou estadías de investigación na Avery Architectural and Fine Arts Library da Universidade de Columbia, a Architectural Association School of Architecture (AA School) de Londres, a Facultade de Arquitectura da Universidade de Porto, a Escola Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona (Universi-

dade Politécnica de Cataluña), o Getty Research Institute en Los Ángeles e o Institut National d'Histoire de l'Art de París (INHA), entre outros.

A súa investigación actual céntrase no camiñar no cinema como práctica xeradora de paisaxe. Neste campo publicou "La construcción del espacio fílmico a través del caminar en Eric Rohmer" en Arquitectura y Paisaje. Transferencias históricas, retos contemporáneos (Abada, 2022), e "La flâneuse en el cine. De Agnès a Chantal Akerman" en El género se abre paso en la sociedad (Thomson-Reuters-Aranzadi, 2022).

Resolución e publicación de resultados

A resolución será comunicada a finais de xullo de 2025. Os resultados publicaranse nas páxinas web e redes sociais das institucións convocantes.

Obrigas das personas beneficiarias

- Realizar a actividade no prazo e condicións establecidas.
- Aceptar e cumprir as accións de seguimento de Normal e do Centro de Arte FMJJ.
- Presentar unha memoria final do traballo.
- Participar nas actividades de difusión do proxecto.
- Facer constar en todo material de difusión relativo ao proxecto desenvolvido e obras resultantes, a participación no Programa de Residencias Artísticas Centro de Arte FMJJ e a UDC.

Pagamento e xustificación dos proxectos

A dotación económica aboarase en dous prazos:

- Un primeiro pagamento antes do inicio da residencia.
- Un segundo pagamento ao finalizar e coa xustificación dos gastos correspondente.

Centro de Arte FMJJ

Centro de Arte
Fundación María José Jove

NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Centro de Arte FMJJ é unha iniciativa cultural
da Fundación María José Jove.

2025